

ACTA DA SESIÓN CONSTITUTIVA DA CORPORACIÓN MUNICIPAL E ELECCIÓN DE ALCALDE-PRESIDENTE CELEBRADA O DÍA 15 DE XUÑO DE 2019 COMO CONSECUENCIA DAS ELECCIÓNS LOCAIS CELEBRADAS O DÍA 26 DE MAIO DE 2019

No Concello da Laracha (A Coruña), a quince de xuño do ano dous mil dezanove.

Sendo as doce horas e, co fin de celebrar en primeira convocatoria a Sesión Constitutiva da Corporación Municipal e elección de Alcalde-Presidente en virtude das eleccións locais celebradas o día 26 de maio de 2019 ao abeiro do disposto no artigo 195 e 196 da Lei Orgánica 5/1985, de 19 de xuño, do Réxime Electoral Xeral (L.O.R.E.X.) e nos artigos 36 e 37 do Regulamento de Organización, Funcionamento y Réxime Xurídico das Entidades Locais (R.O.F.) aprobado polo Real Decreto 2568/1986, de 28 de Novembro, fixada ao efecto para o día de hoxe, 15 de xuño de 2019, reúnen na Casa do Concello os señores que a continuación se relacionan: (por orde alfabético)

CONCELLEIRA ELECTA	D ^a . PATRICIA MARIA BELLO CANEDO
CONCELLEIRO ELECTO	D. RAMIRO BELLO RECOUSO
CONCELLEIRO ELECTO	D. JOSE ALBERTO BLANCO VEIGA
CONCELLEIRO ELECTO	D. PABLO CAMBÓN BÉRTOA
CONCELLEIRA ELECTA	D ^a . CAROLINA CASTIÑEIRAS BRANDÓN
CONCELLEIRA ELECTA	D ^a . BEGOÑA DOMÍNGUEZ PATIÑO
CONCELLEIRA ELECTA	D ^a . ADELINA LISTE MONELOS
CONCELLEIRO ELECTO	D ^a . MARIA DEL ROCIO LOPEZ REY
CONCELLEIRO ELECTO	D. JOSE MANUEL LÓPEZ VARELA
CONCELLEIRO ELECTO	D. JOSÉ MARTÍNEZ AGEITOS
CONCELLEIRO ELECTO	D. JOSE RAMÓN MARTÍNEZ BARBEITO
CONCELLEIRA ELECTA	D ^a MARÍA PILAR NEIRA MARTÍNEZ
CONCELLEIRA ELECTA	D ^a MARÍA PALOMI RODRÍGUEZ CASTIÑEIRA
CONCELLEIRO ELECTO	D. XOAN MANOEL SANDE MUÑIZ
CONCELLEIRO ELECTO	D. JESUS SOUTO PENA
CONCELLEIRA ELECTA	D ^a ALBA DOLORES TOBA FERREIRO
CONCELLEIRA ELECTA	D ^a . CRISTINA VIEITES CALVO
SECRETARIA	D ^a CRISTINA CASTRO FUENTES
INTERVENTOR	D. MANUEL MARTÍNEZ VARELA

Os concelleiros/as asistentes sinalados anteriormente, constitúen a totalidade dos Concelleiros electos e por conseguinte constitúen o número legal de membros, que presentaron previamente, conforme dispoñen os arts. 7, 30 e 31 do R.O.F. e o art. 75.5 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local (L.R.B.R.L.), as súas credenciais, acreditada a súa personalidade e xustificada a presentación das oportunas declaracións a efectos dos Rexistros de Intereses dos membros da Corporación.

1.- Constitución da Corporación

Aberta a sesión pola sra. secretaria dáse lectura ao contido do art. 195.4 de la L.O. 5/1985 e 37.2 do Regulamento de organización e funcionamento e réxime xurídico das corporacións locais, De conformidade co disposto no artigo 195 da LOREG e 37.2 do Regulamento de organización e funcionamento das entidades locais,

1. *As Corporacións municipais constitúense en sesión pública o vixésimo día posterior á realización das eleccións, salvo que se presentase recurso contencioso-electoral contra a proclamación dos/as concelleiros/as electos/as, neste suposto constitúense o cuadraxésimo día posterior ás eleccións.*

2. *Para tal fin, constitúese unha mesa de idade integrada polos/as electos/as de maior e menor idade, presentes no acto, actuando como secretario/a o que o sexa na Corporación.*

Conforme o preceptuado a Mesa de Idade queda constituída da seguinte forma: Concelleiro asistente de maior idade e actuando como Presidente **D. RAMIRO BELLO RECOUSO**, Concelleiro de menor idade **D. PABLO CAMBÓN BÉRTOA**, e como Secretaria **D^a. CRISTINA CASTRO FUENTES**, Secretaria

da Corporación.

MESA DE IDADE	
C CONCELLEIRO DE MAIOR IDADE (e A actuando como presidente)	DD. RAMIRO BELLO RECOUSO
C CONCELLEIRO DE MENOR IDADE	DD. PABLO CAMBÓN BÉRTOA
S SECRETARIA (a da propia Corporación)	DDª. CRISTINA CASTRO FUENTES

Procédeuse polos membros da Mesa de Idade á comprobación das credenciais presentadas e as acreditacións da personalidade dos electos, con base ás certificacións que ao Concello remitiu a Xunta Electoral de Zona, conforme ao disposto no art. 195.3 da L.O.R.E.X. e o art. 37.3 do R.O.F.

Igualmente a Mesa de Idade declara constituída a Corporación por concorrer a maioría absoluta dos/as concelleiros/as electos/as

A continuación ponse en coñecemento dos/as concelleiros/as electos/as concorrentes que, de conformidade co disposto no número 8 do art. 108 da L.O. 5/1985, de 19 de xuño, de réxime xeral electoral, no intre da toma de posesión e para adquirir a plena condición do cargo de concelleiro/a, os/as candidatos/as electos/as deberán xurar ou prometer acatamento á Constitución, así como cumprimentar os demais requisitos previstos nas leis ou regulamentos respectivos polo que de conformidade do artigo 1 do Real Decreto 707/79, de 5 de abril, os concelleiros e concelleiras electos/as achéganse á Mesa de Idade e diante da Constitución dan lectura á fórmula regulamentaria añadiendo os concelleiros María Pilar Neira Martínez, Xoán Manuel Sande Muñiz e carolina Castiñeiras Brandón “ por imperativo legal”. Todos os concelleiros e concelleiras da Corporación reciben a medalla do Concello da Laracha

Unha vez rematado o acto de promesa ou xuramento do cargo, a Mesa de Idade declara constituída a Corporación municipal da Laracha para a lexislatura 2019-2023.

2º.- Elección de alcalde

Acto seguido procédeuse á **ELECCIÓN DO ALCALDE**, que ao efecto, de acordo coa normativa establecida no art. 196 da citada Lei 5/1.985, do 19 de xuño, poden ser candidatos a Alcalde tódolos concelleiros que encabecen as súas correspondentes listas.

A continuación preséntanse e proclámanse candidatos para a Alcaldía aos concelleiros que seguidamente se relacionan, que encabezan as súas correspondentes listas, e que obtiveron representación nas pasadas Eleccións Locais:

CANDIDATOS PARA A ELECCIÓN DE ALCALDE	
D. JOSÉ MANUEL LÓPEZ VARELA	PPartido Popular (P.P.)
D. XOÁN MANOEL SANDE MUÑIZ	BBloque Nacionalista Galego (B.N.G.)
Dª MARÍA PALOMI RODRÍGUEZ CCASTIÑEIRAS	PPartido dos Socialistas de Galicia (PSdG-P.S.O.E.)

Toma a palabra o secretario para indicar que a votación será nominal para dar cumprimento ó sistema de votación única

O presidente da Mesa de Idade pregúntalle a cada un dos concelleiros e concelleiras a qué candidato á alcaldía do Concello da Laracha vota. A Secretaria da Mesa de Idade pregúntallo ó Presidente

Rematada a votación, obtívose o seguinte resultado:

RESULTADO VOTACIÓN PARA A ELECCIÓN DE ALCALDE	
NOME E APELIDOS	NÚMERO DE VOTOS OBTIDOS
D. JOSÉ MANUEL LÓPEZ VARELA	ONCE (11)
D^a. MARÍA PALOMI RODRÍGUEZ CASTIÑEIRAS	CATRO (4)
D. XOÁN MANOEL SANDE MUÑIZ	DOUS (2)

En consecuencia, o sr. Presidente da Mesa de Idade manifesta que queda proclamado **ALCALDE, D. JOSÉ MANUEL LÓPEZ VARELA, cabeza de lista do Partido Popular**, por se-lo candidato que OBTIVO O VOTO DA MAIORÍA ABSOLUTA DO NÚMERO LEGAL DE MEMBROS DA CORPORACIÓN, ao abeiro do preceptuado no art. 196 b) da L.O.R.E.X.

E de conformidade co disposto no art. 196 da L. O. 5/1985, de 19 de xuño, a mesa decláralo Alcalde electo do Concello Da Laracha.

Acto seguido, ponse en coñecemento dos asistentes que, de conformidade co disposto no artigo 18 do Real Decreto Lexislativo 781/86, de 18 de abril, e o artigo 40.2 do Regulamento de organización funcionamento e réxime xurídico das corporacións locais, no intre da toma de posesión, e para adquirir a plena condición do cargo de Alcalde, o candidato electo debe xurar ou prometer o cargo con suxeición á fórmula establecida no artigo 1 do Real Decreto 707/79, do 5 de abril, polo que se o candidato electo achégase á Mesa de Idade e ante a Constitución realiza a declaración regulamentaria consistente en:

Prometo pola miña conciencia e honra cumprir fielmente as obrigas do cargo de Alcalde con lealdade ao Rei, gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado.

O sr. Presidente da Mesa de Idade fai entrega do Bastón de Mando ao **sr. D. JOSÉ MANUEL LÓPEZ VARELA** pasando a ocupar a Presidencia.

A continuación o interventor da lectura da acta de arqueo de fondos e a secretaria da Corporación pon de manifesto que, ao abeiro do art. 36.2 do R.O.F. e o art. 33.2 do Regulamento de Bens das Entidades Locais aprobado polo R.D. 1372/1986 de 13 de xuño, os xustificantes económicos existentes así como a documentación relativa ao inventario do patrimonio da Corporación están a disposición de tódolos membros da Corporación para a súa oportuna comprobación e cita as datas de aprobación e rectificación.

Seguidamente, o sr. Alcalde-Presidente, diríxese aos asistentes nos seguintes termos:

“Bos días:

As miñas primeiras palabras son de **felicitación** a todos e cada un dos 16 compañeiros desta nova Corporación Municipal que, igual que eu, acabades de tomar posesión como concelleiros e que iniciades este camiño que comeza hoxe e que se prolongará durante os próximos catro anos.

En especial, douvos a benvida ós que vos estreades como concelleiros. E tamén quero agradecer o traballo das persoas que foron edís no anterior mandato e que no repetirán neste.

Hoxe somos testemuña non da vitoria dun partido, senón da celebración da liberdade democrática que nos permite representar ós nosos cidadáns nesta Corporación municipal. Os veciños fixéronnos o **mellor agasallo** que un ser humano pode imaxinar: o da confianza que unha persoa deposita en nós. **Desde o silencio dunha urna, a sinceridade dun voto coa esperanza dun futuro.**

Por iso quero agradecer a participación da veciñanza nas eleccións do pasado 26 de maio e a **confianza e o apoio recibido** de xeito maioritario polo **Partido Popular da Laracha**.

Recollo o bastón de mando como o símbolo do compromiso que asumo cos laracheses e coa mesma ilusión intacta que nas ocasións anteriores. Do mesmo modo que fixen sempre xunto ós meus compañeiros no grupo de goberno, **velarei polo interese de todos e cada un dos veciños**, con independencia da opción política que libremente escolleran. **Serei un alcalde para todos.**

Non teño dúbida de que o maior orgullo e o que máis honra a un político é ser nomeado alcalde do seu Concello. Porque é o que está máis preto do cidadán e ó servizo dos demais, a pé de rúa, compartindo o día a día coa xente e resolvendo as cuestións que lles preocupan para facer do municipio un lugar mellor onde vivir e convivir.

Hoxe comeza un novo mandato de catro anos nos que a acción do goberno estará baseada no programa electoral do Partido Popular, que é froito da **relación directa e continua que temos cos cidadáns**, imprescindible para coñecer as súas inquietudes e necesidades.

Gobernaremos como o fixemos ata agora: cun **firme compromiso de esforzo**, con **transparencia**, con **responsabilidade**, con **honestidade**, con **ilusión** e con gañas de continuar mellorando a calidade de vida de todos os laracheses.

Somos un municipio que está vivindo unha profunda transformación que ninguén pode negar. E detrás dela está a **xestión do Partido Popular que foi avalada** de maneira maioritaria polos nosos veciños.

No tempo que levo sendo alcalde deste Concello, entre as moitas cousas que aprendín está que **nunca se avanza se hai conformismo**. So avanzaremos se somos capaces de lograr que todos os veciños se sintan motivados, ilusionados e partícipes deste **proxecto común que ten un único nome: A Laracha**.

Hai moitos retos no horizonte e os logros que consigamos marcarán o futuro do Concello. E direi aínda máis: **algúns deses proxectos tan importantes xa están en marcha** e non tardarán en converterse en realidade. Sen desgranar todos os obxectivos do mandato que hoxe comeza, si quero expoñer as ideas fundamentais.

- Seguir avanzando na **loita contra o paro e na creación de emprego** co parque empresarial como motor principal de noso desenvolvemento económico. Queremos aproveitar todo o potencial que nos ofrecen as infraestruturas públicas e a nosa posición xeográfica estratéxica.

- Continuar ofrecendo unha **cobertura social ampla e de calidade** para mellorar e facilitar o día a día das familias, das persoas maiores, dos dependentes e dos colectivos máis desfavorecidos.

- **Mellorar e aumentar** as infraestruturas municipais e as instalacións deportivas, culturais, sanitarias e educativas.

- **Coidar o medio ambiente** e os nosos entornos naturais e combater o cambio climático apostando pola eficiencia enerxética.

- Seguir sendo un Concello de referencia no desenvolvemento de **políticas reais de igualdade** de oportunidades entre homes e mulleres, **loita contra a violencia de xénero** e atención á infancia e adolescencia.

- Debemos ser un **epicentro turístico e cultural**, xa que formamos parte do xeodestino Costa da Morte, temos un notable patrimonio histórico, riqueza arqueolóxica que estamos poñendo en valor e celebramos festas extraordinarias e singulares, destacando as de interese turístico como son a Romaría dos Milagres de

Caión e a Feira das Cereixas de Paiosaco que continuaremos potenciando.

- E temos que seguir traballando para que o noso **sector primario** siga sendo un referente creador de emprego e de riqueza e unha oportunidade para fixar poboación na zona rural. **As parroquias son igual de importantes que os núcleos urbanos** e por iso investir na mellora dunha pequena estrada local, ou na ampliación das redes de abastecemento e saneamento, ou levar a banda larga de internet ó rural, é investir na igualdade de oportunidades dos nosos cidadáns. Porque **todos os laracheses son veciños de primeira** con independencia do lugar que escollan para vivir.

Impulsar todos estes proxectos require duns colaboradores necesarios e imprescindibles. **O funcionariado e todo o persoal que traballa para o Concello** é o músculo que contribúe cada día, co seu esforzo e profesionalidade, á prestación dos servizos públicos para o benestar da cidadanía. Para todos eles, o meu agradecemento polo feito ata agora e o meu ánimo para seguir nesa liña no futuro.

Tamén me dirixo a vós, ós **membros da nova Corporación municipal**, para invitarvos a que vos sumedes a este proxecto e para que, salvando as lóxicas diferenzas políticas, poidamos establecer unha san e próspera cooperación. **Hai moitas cousas que nos separan, pero son moitas máis as que nos deben unir** porque os cidadáns teñen que ser sempre a nosa prioridade. Centrémonos niso e teremos marcado o inicio do camiño correcto.

Conclúo cun último agradecemento ós cidadáns da Laracha pola confianza que nos deron nas urnas e que corresponderei con esforzo e ilusión cada vez maiores.

Acepto orgulloso a responsabilidade de volver ser o alcalde do meu Concello. **O lugar no que nacín, crecín, me formei como persoa, creei a miña familia e establecín o meu proxecto de vida.**

Como sempre, **darei o mellor de min** para estar á altura do que A Laracha se merece, que é moito.

Sigamos soñando cada día unha Laracha mellor e traballemos xuntos para alcanzala.

Moitas grazas a todos”.

E non tendo máis asuntos que tratar, o sr. Alcalde levanta a sesión sendo as doce horas e trinta e cinco minutos, da que como secretario DOU FE.

Vº e prace
O alcalde
José Manuel López Varela

A secretaria
Cristina Castro Fuentes